

O Concello de Boqueixón comeza a lexislatura coa renovada Corporación



De esquerda a dereita, Xabier Canabal, Iván Eirís, Ángela Santasmarinas, María Carmen Soutullo, o alcalde Manuel Fernández Munín, José Manuel Canabal, Ana María Seijo, José Manuel Iglesias, Marta Copóns, Jesús Sanjuás e Alejandro Bermúdez, despois da celebración do pleno de constitución da Corporación de Boqueixón

O Concello de Boqueixón xa ten nova Corporación Municipal. Composta por un total de once edís, sete deles do Partido Popular e os catro restantes, de Veciñ@s de Boqueixón, esta Corporación comporá o Pleno municipal durante os vindeiros catro anos.

Na sesión de constitución da nova Corporación, celebrada o pasado 15 de xuño, Manuel Fernández Munín foi investido como alcalde de Boqueixón. O rexedor acadou a maioría dos votos ao contar cos 7 apoios dos e das edís do PP. O grupo da oposición, Veciñ@s de Boqueixón, votou pola candidatura de Xabier Canabal.

Tras constituírense a mesa de idade (composta por José Manuel Canabal e Iván Eirís Castro), procedeuse á toma de posesión das actas de concelleiros e concelleiras que xa compoñen a Corporación Municipal. Esta está composta por: Manuel Fernández Munín, José Manuel Canabal Vázquez, Ana María Seijo Mosquera, Marta Magina Copóns Neira, José Manuel Iglesias Gómez, Alejandro Bermúdez Devesa e Jesús Sanjuás Mera (PP de Boqueixón); e por Xabier Canabal Fernández; Iván Eirís Castro; Ángela Santasmarinas Lorenzo e María Carmen Soutullo Carolo (Veciñ@s de Boqueixón).



Numerosos veciñas e veciños asistiron ao Pleno de constitución



O proxecto de mellora na intersección ten un prazo de execución de 6 meses

Mellora da seguridade viaria na intersección da estrada DP-1201 coa pista de O Forte

A intersección da estrada provincial DP-1201 (de rodiño a Codeso) coa pista municipal de O Forte mellorará notablemente a seguridade viaria a través do proxecto que se está a desenvolver neste punto. A actuación, que está financiada pola Deputación da Coruña, conta cun orzamento de 131.000 € e un prazo de execución que ascende a seis meses.

O proxecto contempla a creación dunha nova intersección, que afecta a un tramo de algo máis de 200 metros da estrada provincial DP-1201, e máis máis concretamente entre os puntos quilométricos 2+100 e 2+360. Na actualidade, esta intersección resulta perigosa, xa que non conta con boa visibilidade

por mor dunha curva que segue e polo cambio de rasante no P.Q. 2+220.

Precisamente para paliar estas dificultades procederase á habilitación dun único cruce central de acceso ao vial DP-1201, habilitando un carril de aceleración en dirección Rodiño e outro de deceleración en dirección Codeso, que facilitarán o acceso a este cruce. Os traballos completaranse coa execución dunha senda peonil na marxe esquerda neste tramo desta estrada da rede provincial.

“Grazas a estes traballos acadaremos unha importante mellora da seguridade viaria nun cruce polo que transitan a diario numerosos vehículos”, indica o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín.

En marcha os traballos de construción dunha senda peonil en Lamas

A parroquia da Lamas mellorará para finais deste ano a seguridade viaria coa construción dunha senda peonil. Os traballos contan cun investimento de preto de 100.000 euros, sendo financiado o proxecto nun 80% pola Deputación da Coruña, que aporta un total de 77.257 euros a través dun convenio de colaboración asinado co Concello de Boqueixón.

“Esta senda peonil mellorará notablemente a seguridade viaria nun lugar onde hai bastante tráfico de vehículos, xa que é un itinerario de acceso ao aeroporto de Santiago”, explica o rexedor boqueixanés, Manuel Fernández Munín. O alcalde lembrou tamén que esta nova infraestrutura “vén a dar resposta a unha antiga demanda da veciñanza de Lamas”.

A senda peonil que se

está a construír en Lamas terá unha lonxitude 621 metros e estará dividida en nun total de sete treitos: 300x2,50; 70x1,00; 47x1,80; 42x1,80; 60x1,60 e 54x1,40. Ademais da propia senda, levaranse a cabo os traballos de canalizacións para a recollida de augas pluviais e para o alumeado público.

Con dez centímetros de zorra e quince de formigón, a construción da senda peonil de Lamas unificarase coa estrada cunha capa de microaglomerado ao ancho da mesma para elevar a cota da rasante. O proxecto tamén recolle o traslado dos colectores de lixo e o seu ocultamento cunha estrutura de madeira, retirada e colocación dunha nova marquesiña, instalación de 4 bancos de pedra e repintado da sinalización horizontal.



O rexedor boqueixanés visitou as obras da senda peonil en Lamas

A OMIX pon de novo en marcha o seu programa de voluntariado xuvenil

A Oficina Municipal de Información Xuvenil (OMIX) de Boqueixón pon en marcha, un ano máis, o seu programa de voluntariado xuvenil. Esta iniciativa está dirixida á mocidade de entre 16 e 30 anos. Ofértanse 10 prazas.

As solicitudes de participación deberanse entregar na propia OMIX. Para máis información, poden chamar ao 981 513 115 ou enviar un correo electrónico a omixboqueixon@gmail.com.

As áreas onde se desenvolverán as accións de voluntariado durante os meses de verán son atención a pelegríns, dinamización sociocultural, accións ambientais, campo de traballo, campamentos, etc.

As persoas voluntarias contarán con formación, seguro de accidentes e de R.C. Ademais, tamén terá cubertos todos os gastos de desprazamento e de manutención.



Boqueixón ofreceu unha degustación conxunta con Vedra e Vila de Cruces

Boqueixón difundiu os seus atractivos na feira Semana Verde

O Concello de Boqueixón acudiu, un ano máis, á súa cita con Abanca Semana Verde. Contou cun expositor propio dentro da feira Turexpo-Festur no que se amosaron os principais atractivos turísticos do municipio.

Ademais, Boqueixón protagonizou unha degustación dos seus produtos. Unha iniciativa que se desenvolveu de xeito conxunto cos veciños municipios de Ve-

dra e Vila de Cruces. A degustación, desenvolvida no Cooking Corner localizado no pavillón 2, contou coa presenza do alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Muñín, que estivo acompañado polos representantes vedrés e cruceño.

No caso do concello boqueixanés, ofrecéronse arredor de 500 pinchos de filloas e tartas de Lestedo, ademais de queixo elaborado pola Queixería Bo Queixo.

Nova edición do plan de mobilidade xuvenil Galeuropa Val do Ulla

Os Concellos do Val do Ulla –Boqueixón, Touro, Vedra e Vila de Cruces– inician unha nova edición do programa de mobilidade xuvenil Galeuropa. Dirixido á mocidade de 18 a 30 anos, ten como obxectivo reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais das persoas mozas non ocupadas.

Ofrécense un total de 20 prazas para prácticas en empresas de Cork, Sicilia e Malta. Ditas prácticas en empresas deberanse realizar entre os vindeiros días 30 de agosto e o 30 de novembro.

As persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos: estar inscritas como beneficiarias no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil e non ter participado en convocatorias anteriores do programa Galeuropa.

Máis información, na OMIX de Boqueixón (981 513 115).



Curso de Primeiros Auxilios en Sergude

O renovado centro sociocomunitario de Sergude acolleu un Curso de Primeiros Auxilios. Unha decena de persoas participaron nesta actividade formativa na que aprenderon as técnicas básicas de reanimación.



Éxito da Xornada de Plantas Medicinais

Medio cento de persoas participaron nunha xornada de Plantas Medicinais impartida por Xabier Ramos. A sesión constou dunha parte teórica no local social de Ledesma e dunha saída de campo cun roteiro guiado.

O Lume Sagrado iluminou

Fieis á súa cita anual, as tribos celtas de Boqueixón e Callobre iluminaron o Pico Sacro e máis Compostela co Lume Sagrado. Ambas representacións incluíronse dentro das actividades do programa *Un mes e Pico. Ciclo Cultural: O Pico Sacro na Cultura Xacobeá*.

A máis multitudinaria foi a Ofrenda do Lume Sagrado no Pico Sacro, que congregou neste punto a unhas 200 persoas interesadas en presenciar a representación do ancestral ritual de benvida ao Solsticio de Verán.

Encabezadas pola Raíña Alda e o Druída, as tribos celtas encontráronse na parte baixa do cumio do Pico Sacro para despois trasladárense a carón da Capela de San Sebastián onde se desenvolveu a Cerimonia do Lume Sagrado. Ante a mirada do multitudinario público asistente, o Druída tomou o seu bastón -cunha lupa na parte superior- para captar a forza do Astro Rei e, deste xeito, acender as chamas no pebeteiro.

Unhas chamas que se entregaron posteriormente en Santiago a través da Ofrenda do Lume Sagrado. Arroupados por dúcias de visitantes, as tribos celtas chegaron á carpa da Praza de Mazarelos, onde se completou este simbólico acto de unión entre os municipios boqueixanés e compostelán.

Observación astronómica

Outra das exitosas actividades foi a observación astronómica no Pico Sacro dirixida polo divulgador científico Jorge Mira. Medio cento de persoas esgotaron as prazas dispoñibles.



O Druída acendendo as faíscas só coa forza do Astro Rei



As tribos celtas de Boqueixón e Callobre despois de completaren a



A concelleira Ana Seijo portou o estandarte do Lume Sagrado na capital compostelá



Foto de familia con autoridades e pa



A Raíña Alda encargouse de realizar a Ofrenda en Santiago



O recoñecido divulgador científico, Jorge Mira, dirixiu unha amena ses

u o Pico Sacro e Santiago



ancestral Cerimonia do Lume Sagrado no Pico Sacro



participantes na Ofrenda do Lume Sagrado realizada en Mazarelos



sión de observación astronómica dende o cumio do Pico Sacro

A Capela de San Sebastián acolleu varias conferencias e un recital de piano

O ciclo cultural *Un mes e Pico* incluíu tamén varias conferencias que se ofreceron na Capela de San Sebastián. Unha das que congregou maior número de asistentes -arredor de medio cento de persoas encheron a capela- foi a impartida polo doutor en Ciencias da Comunicación Manuel Gago.

Baixo o título *O Pico Sacro e as vellas montañas sagradas da Europa Atlántica: Unha historia por construír e comunicar*, Manuel Gago tomou a historia das peregrinacións en xeral e a cultura xacobeana en particular como nexo común para

explicar como os valores dos Camiños se transmiten nos distintos montes europeos.

A xornada de clausura deste completo ciclo cultural foi protagonizada pola arqueóloga Ana Isabel Filgueiras Rey, coa conferencia titulada *O condado de Lupa no territorio Montesagro*. Unha disertación na que falou sobre o patrimonio cultural, histórico e mitolóxico vencellado ao Pico Sacro.

Finalizou a xornada de clausura cun recital de piano a cargo do novo talento emerxente de Boqueixón Sofía Silva Carbajales.



Sofía Silva Carbajales ofreceu un recital de piano



O alcalde, de pé, na clausura do ciclo cultural



Un intre da conferencia impartida polo doutor en Ciencias da Comunicación, Manuel Gago

A EIM Raíña Lupa, o CRA Boqueixón-Vedra e a Ocioteca celebraron os festivais de fin de curso

Os escolares de Educación Infantil e Primaria do Concello de Boqueixón participaron nos festivais de fin de curso organizados pola EIM Raíña Lupa, o CRA Boqueixón-Vedra e a Ocioteca.

Así, os máis de medio cento de cativas e cativos de 0 a 3 anos da EIM Raíña Lupa de Boqueixón sorprendéron ás persoas asistentes ao Festival de Fin de Curso, celebrado na Casa da Cultura de Camporrapado, con seus bailes e disfraces. Ademais, as profesoras ofreceron unha actuación sorpresa.

Este mesmo lugar acolleu tamén o peche de curso da Ocioteca de Boqueixón. Unha sesión de Masterchef Junior puxo un delicioso broche de ouro a un completo curso de actividades.

Pola súa banda, a ANPA do CRA Boqueixón-Vedra Neira Vilas organizou un festival de fin de curso no pavillón de Lestedo. Consistiu nun concerto de Paco Nogueiras (patrocinado por 4 empresas locais), merenda, exhibición de zumba, obradoiros e hinchables.



O alcalde, no peche de curso da EIM Raíña Lupa



Cativos e cativas da Escola Infantil durante a súa actuación



A Ocioteca de Boqueixón ofrece un certame tipo Masterchef



Un intre do concerto no festival do CRA Boqueixón-Vedra



Nenas participantes no festival de fin de curso do CRA



Completa excursión a Extremadura

Os Concellos de Boqueixón e Vedra organizaron unha excursión a Extremadura. As persoas participantes percorreron as localidades de Cáceres, Guadalupe, Trujillo, Mérida, Monfragüe e Plasencia.



A veciñanza coñece Santa Uxía de Ribeira

O programa Coñece Galicia levou a preto de medio cento de veciñas e veciños de Boqueixón a coñecer Santa Uxía de Ribeira. Ademais de percorrer o mercadiño polo mañá, as persoas asistentes tamén descubriron as Dunas de Corrubedo.

A piscina municipal abre a tempada de verán con oferta de abonos estivais

A piscina municipal de Boqueixón abriu a súa tempada o pasado 22 de xuño. As instalacións localizadas en O Forte permanecerán abertas ao público ata o vindeiro 8 de setembro en horario de 15.00 a 21.00 horas, de luns a domingo. En caso de mal tempo, a piscina permanecerá pechada.

Os prezos dos bonos de 20 entradas son de 6,17 € (para menores ata 16 anos), e de 12,34 €, para maiores de 16 anos. A adquisición dos mesmos deberase realizar nas propias instalacións da piscina municipal. Ademais, ofrécese diferentes opcións de abonos familiares.

De xeito paralelo, a piscina municipal de Boqueixón acollerá de luns a venres polas mañás as actividades do programa de conciliación familiar estival *Verán Activo* e tamén os cursos de natación dirixidos a escolares de Infantil e Primaria.

Animado peche das actividades deportivas e Gala de Patinaxe

O pavillón polideportivo de O Forte acolleu III Festa Fin de Curso das Actividades Deportivas. Organizada de xeito conxunto pola APA do CPIP Antonio Orza Couto e polo Concello de Boqueixón, organizouse unha tarde na que se ofreceron exhibicións das correspondentes actividades xestionadas: as da APA -xadrez, zumba kids e multideporte- xunto con exposición de manualidades. Todo ca colaboración da empresa CPM actividades deportivas.

O alcalde, Manuel Fernández Munín, encargouse de presidir a entrega de diplomas as crianzas participantes nas distintas modalidades das Escolas Deportivas municipais.

Pola súa banda, o pavillón de Lestedo acolleu a Gala de Patinaxe Artística. Unha cita organizada polo Club Ágora-Boqueixón e na que tamén participaron as cativas e cativos da Escola Deportiva de Patinaxe do Concello boqueixanés.



A APA do CPIP Orza Couto e o Concello organizaron o Festival Fin de Curso



O alcalde presidiu a entrega de diplomas a participantes nas Escolas Deportivas



Un intre da Gala de Patinaxe Artística celebrada no pavillón de Lestedo



V Andaina de Maiores en O Grove

Unha trintena de persoas participaron na V Andaina de Maiores, desenvolvida en O Grove. Unha proposta coa que o Concello pechou as actividades de Ximnasia de Mantemento.



Conclúe o plan de Prevención de Condutas Aditivas

O Servizo de Prevención de Condutas Aditivas de Boqueixón, Teo, Touro e Vedra finalizou as súas actividades dirixidas a escolares de EP e ESO. Así, o proxecto, cofinanciado pola Consellería de Sanidade da Xunta, chegou a máis de 600 escolares.

A Escola de Fútbol de Boqueixón abre o prazo de inscrición para a vindeira tempada 2019/20

A Escola de Fútbol de Boqueixón vén de abrir o prazo de inscrición para a vindeira tempada 2019/2020. As actividades están dirixidas a maiores de 4 anos.

As disciplinas divídense en tres: Fútbol Sala -coas categorías Biberóns (nados/as en 2014/15), Prebenxamíns (2012/2013), e Benxamíns (2010/2011)-; Fútbol 8 -coas

seccións de Prebenxabíns, Benxamíns e Alevíns (nados/as en 2008/2009), e Fútbol Campo -categorías Infantís (nados/as en 2006/2007); Cadetes (2004/2005); Xuvenís (2001/2002/2003) e Senior (maiores de 18).

Para máis información, as persoas interesadas deberán char ao teléfono de contacto 603 555 588.



Escola de Fútbol Boqueixón

Aberto o prazo de inscrición para rapaces/as que desexen participar na Tempada 2019/2020

INSCRICIÓN DE XOGADORES

Fútbol Sala	Fútbol 8	Fútbol Campo
Biberóns Nados (2014-2015)	Prebenxamíns Nados (2012-2013)	Infantís Nados (2006-2007)
Prebenxamíns Nados (2010-2011)	Benxamíns Nados (2010-2011)	Cadetes Nados (2004-2005)
Benxamíns Nados (2010-2011)	Alevíns Nados (2008-2009)	Xuvenís Nados (2001-2002-2003)
		Senior Nados (maiores de 18)

DESCONTOS especiais para irmáns

Coordinador e adestradores titulados
Contacto no Tfn: 603555588

Incluíndo en todas as categorías, o fútbol feminino.
Se tes máis de 4 anos e queres formar parte da Escola de Fútbol Boqueixón para aprender e divertirte segundo, chámamos e infórmate

AXENDA DO MES DE XULLO

Luns
1

Verán Activo e cursos estivais

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Programa de conciliación estival e comezo dos cursos de natación, patinaxe, hípica e pintura. Dirixido a escolares de Educación Infantil e Primaria.

Domingo
7

Programa FalaRedes: Espectáculo dos Bolechas 'Somos unha gran familia'

Casa da Cultura de Camporrapado
18.00 horas
Entrada de balde
Sesión de monicreques e propostas participativas para fomentar os valores da familia. Actividade dirixida á poboación de 4 a 8 anos. Promovido pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Venres
12

Noite de Cine: 'O mago dubidoso'

Carballeira de Rodiño
22.30 horas
Entrada de balde
Proxección do filme de animación, dirixido ao público familiar. Colabora: Deputación Coruña.

Do 13
ao 24

Campo de voluntariado 'Vía Xacobeá: Camiño de Santiago'

Boqueixón e Vedra
Campo de voluntariado internacional para a mocidade de entre 18 e 30 anos. Iniciativa promovida pola Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta.

Martes
16

Observación astronómica

Pico Sacro
22.30 horas
Actividade de balde
O programa 'Camiño das Estrelas. As estrelas do Camiño' ofrece o visionado do eclipse parcial de lúa. Actividade patrocinada por O teu Xacobeo, Consellería de Cultura e Turismo e Xunta de Galicia.

Domingo
28

Presentación do libro 'Calas Blancas'

Capela de San Sebastián
19.00 horas
Actividade de balde
Presentación da publicación de Emily Rodríguez.

Domingo
28

Espectáculo de música 'Camiños Sonoros'

Pico Sacro
20.00 horas
Actividade de balde
Peche do ciclo cun concerto do alumnado dos Conservatorios de Música de Galicia.

e en agosto...

Xoves
1

Verán Activo

O Forte
09.00 a 14.00 horas
Comezo da quenda de agosto do programa de conciliación estival. Dirixido a nenos e nenas de Educación Infantil e Primaria.

Venres
9

Noite Velada

Campo do Río de Ponte Ledesma
21.30 horas
Entrada de balde
Actuacións de diversas agrupacións musicais. Conxuro da Queimada. Postos de comida e bebida.

Venres
16

Noite de Cine: 'Maimiño'

Campo da festa de Camporrapado
22.30 horas
Entrada de balde
Proxección do filme de animación, dirixido ao público familiar. Colabora: Deputación da provincia de A Coruña.

Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061 concello@boqueixon.com CIM: 981 513 061 cim@boqueixon.com Cultura: 981 513 115 cultura@boqueixon.com Dto. Local e Turismo: 981 513 061 boqueixonturismo@gmail.com